

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DA FACULTADE DE INFORMÁTICA CURSO 2015/16

1. Contexto

O plan de acción titorial corresponde a unha directriz de calidade que recomenda a asignación dun titor a cada alumno, para que supervise a súa correcta adaptación ó centro e o axeitado aproveitamento das súas aprendizaxes.

A Facultade de Informática ten xa unha experiencia de máis de oito anos dentro do Plan de Acción Titorial (PAT) coordinado dende a Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías da Universidade de A Coruña (UDC), onde se foron incorporando progresivamente tódolos profesores e as titulacións que se ofertan actualmente no centro.

As titulacións ofertadas polo centro no curso 2015/16 son as seguintes:

- Grao en Enxeñaría Informática (240 prazas).
- Curso de adaptación ó Grao para Enxeñeiros Técnicos en Informática (30 prazas).
- Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática (30 prazas).
- Mestrado Universitario Matemática Industrial (15 prazas).
- Mestrado Universitario en Técnicas Estatísticas (25 prazas).
- Mestrado Universitario en Xeoinformática (15 prazas).
- Mestrado Universitario en Computación de Altas Prestacións (non oferta prazas no curso 2015/16).
- Enxeñaría Informática (en extinción).
- Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas (en extinción).
- Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (en extinción).

Todo o alumnado matriculado nas titulacións ofertadas polo centro, agás aquelas xa en proceso de extinción, forman parte do PAT do centro. Por conseguinte, cóntase cun número moi alto de estudantes. Segundo a memoria da facultade do ano 2014 hai un total de 1570 estudantes no curso 2014/15 dos que a maioría (1077) corresponden ó Grao en Enxeñaría Informática. Todo o profesorado do centro está tamén involucrado, no rol de titores, para acadar un axeitado desenvolvemento do programa.

Ademais da orientación recibida por parte do titor, o alumnado conta coa información dispoñible na web da facultade, (<http://www.fic.udc.es/>), na wiki (<https://wiki.fic.udc.es/>) e na aplicación web de administración da facultade (<https://xestor.fic.udc.es>) en relación coas actividades de orientación, formación e asesoramento realizadas na facultade, e tamén coa información publicada nas guí-

as docentes, accesibles tanto dende a web do centro como da web xeral da UDC, especialmente dende o portal de estudos da UDC (<http://estudios.udc.es/gl/study/orientation/614G01V01>) e no sistema de seguimento da calidade (<http://sgic.udc.es/seguemento.php?id=614>).

Durante o curso 2014/15 o PAT da Facultade de Informática estruturouse en tres actuacións: PAT individual, PAT Grupal e estudantes mentores. A participación dos estudantes no PAT individual (no que participa todo o profesorado da facultade) foi moi escasa. En cambio, tanto o PAT Grupal coma o programa de estudantes mentores adicado ós estudantes de primeiro curso do Grao en Enxeñaría Informática tiveron unha alta participación, demostrando que as medidas impulsadas o curso pasado tiveron un impacto positivo nos estudantes.

2. Análise das necesidades

A Facultade de Informática é un dos centros con máis estudantes da UDC (1570 durante o curso 2014/15). Polo tanto, só é posible unha titorización individualizada eficaz se todo o profesorado do centro se involucra no programa de acción tutorial. Aínda así, a participación dos estudantes nas titorías individuais é moi escasa.

Na análise de necesidades por parte do alumnado é necesario distinguir varios tipos de estudantes: o estudantado de novo ingreso, o de continuación de estudos, o de mobilidade ou o de necesidades especiais.

O estudante de novo ingreso precisa dunha orientación diferenciada á do resto do alumnado de cara a unha correcta adaptación á titulación, ó centro, e á vida universitaria en xeral. Coa implantación durante o curso 2014/15 do programa de estudantes mentores acadáronse altas cotas de participación do alumnado de novo ingreso.

As principais dúbidas que teñen os estudantes de continuación de estudos do noso centro corresponden a cuestións de tipo organizativo (elección de grupos e horarios, procedementos de matrícula, etc.). Moitas destas dúbidas están derivadas da complexidade do plan de estudos do Grao en Enxeñaría Informática e do Curso de Adaptación ao Grao para Enxeñeiros Técnicos (cinco posibles itinerarios, optatividade, prácticas en empresas, traballo fin de grao, recoñecementos, etc.), e tamén, e en maior medida nos últimos cursos das carreiras, de orientación profesional. Cabe destacar o papel especialmente relevante do PAT grupal na resolución de dúbidas relacionadas cos recentes cambios normativos motivados pola equiparación da Enxeñaría Técnica en Informática ó nivel 2 do Marco Español da Cualificación na Educación Superior (MECES), o que provocou unha cantidade moi importante de preguntas por parte dos estudantes do Curso de adaptación ó Grao para Enxeñeiros Técnicos en Informática que foron atendidas polos correspondentes titores grupais e, ademais, foron trasladadas axeitadamente á dirección do centro.

Ademais, e debido á situación socio-económica actual, a orientación ós estudantes en temas administrativos, académicos, profesionais e incluso persoais, aca da un papel fundamental de cara a potenciar o éxito de todo o alumnado e mellorar a calidade das titulacións.

3. Metas e obxectivos

O PAT do centro ten os seguintes obxectivos para o curso 2015/16:

- Axudar á adaptación e integración do alumnado de nova incorporación.
- Fomentar o uso dos recursos e servizos dispoñibles tanto no centro como na universidade para mellorar a vida universitaria dos alumnos.
- Tratar de potenciar o rendemento académico e a adquisición de competencias transversais do alumnado do centro.
- Orientar ó alumnado no plano profesional de cara á súa incorporación ó mercado laboral.
- Fomentar a participación do alumnado no PAT, e máis en xeral, na vida do centro e na representación de estudantes.

4. Contidos

Algúns dos puntos a tratar nas sesións de orientación entre os titores e o alumnado son:

- A función do PAT no centro e a adaptación ás necesidades do alumnado.
- Coñecemento que ten o alumnado sobre o centro: calendario académico, horarios, exames, equipo decanal e as súas funcións, espazos, servizos e recursos do centro.
- Particularidades do plano de estudos (especialidades, optatividade, prácticas en empresas, traballos fin de grao/mestrado).
- Asociacións estudantís e de representación de estudantes.
- Servizos, programas, asociacións útiles na súa vida académica tanto do centro como da UDC: secretaría, biblioteca, LERD, SAPE, OSL/GPUL, Erasmus, CAU, CeCaFi, extensión universitaria (deporte, cultura), ADI, etc.
- Docencia en inglés e mobilidade (de fin de estudos e prácticas).
- Adquisición de competencias transversais (habilidades de comunicación, emprendemento, etc).
- Organización do tempo de estudo.
- Información de diferentes tipos de matrícula (tempo parcial), recoñecementos, paso dende titulacións a extinguir a titulacións novas.
- Orientación laboral, detectar cal é o coñecemento da súa profesión
- Información sobre formación de posgrao (mestrados no centro e outros).

5. Recursos

O recurso principal do PAT do centro é o persoal humano. O éxito do PAT depende da participación de todo o persoal do centro, incluídos profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos. Para poder ofertar unha axeitada orientación ó alumnado na titulación de grao (a que ten maior número de estudantes matriculados), todo o profesorado está involucrado (en total, cóntase con máis de 150 titores PAT para o curso 2015/16), e a proporción de estudantes titorizados por cada profesor mantense entre cinco e dez alumnos. Ademais, cóntanse con 21 titores

grupais, que titorizan de forma colectiva a un grupo enteiro de teoría (aproximadamente 60 estudantes), e con 12 estudantes mentores dos últimos anos de grao que orientan ós estudantes de primeiro curso. As particularidades do modelo organizativo do PAT na titulación de grao e no resto de titulacións explícase con máis detalle na Sección 6.

As actividades de orientación ós estudantes desenvólvense en diversos espazos e recursos do centro. O espazo máis utilizado cando o público obxectivo é numeroso é o salón de actos (para xornadas de acollida, presentación de materias ou charlas informativas sobre aspectos relacionados coa titulación, xornadas de orientación laboral e formación complementaria, etc.). Tamén se conta cunha sala de xuntas e unha sala de graos preparada para reunións cun número de asistentes máis reducido, pero adecuadas para este tipo de actividades de orientación. Ademais, as aulas de teoría serán lugar habitual de xuntanzas para reunións grupais, tanto cos titores grupais como cos estudantes mentores, e os despachos dos profesores cando as titorías se realizan de xeito individual.

O PAT do centro utiliza tamén unha serie de recursos informáticos, especialmente a web do centro (<http://www.fic.udc.es>), a wiki propia da facultade, onde se inclúe un apartado específico para o PAT (<https://wiki.fic.udc.es/alumnos:pat:indice>), redes sociais, e tamén contén outros apartados de orientación ó estudante (mobilidade, actividades para o alumnado, docencia, traballos fin de grao, prácticas en empresas, etc.), e unha aplicación propia do centro (<https://xestor.fic.udc.es/horarios/>) que ten información sobre materias, horarios e, ademais, permite xestionar e consultar as relacións individuais titor-alumno.

6. Modelo organizativo

Os principais axentes involucrados no PAT do centro son (enuméranse xerarquicamente):

- Coordinador PAT do Centro
 - Coordinador PAT do Grao en Enxeñaría Informática
 - Titores grupais
 - Titores individuais
 - Estudantes mentores
 - Coordinador PAT do Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática
 - Coordinador PAT do Mestrado Universitario en Matemática Industrial na UDC
 - Titores individuais
 - Coordinador PAT do Mestrado Universitario en Técnicas Estatísticas na UDC
 - Coordinador PAT do Mestrado Universitario en Computación de Altas Prestacións na UDC
 - Titores individuais
 - Coordinador PAT do Mestrado en Xeoinformática

Funcións do Coordinador PAT do centro

- Divulgar o PAT entre profesores e estudantes.
- Realizar o seguimento e avaliación do proxecto do PAT do centro para a súa mellora en cursos posteriores.
- Representar o PAT do centro nas reunións do PAT da UDC.

Funcións do Coordinador PAT da titulación

- Realizar sesións informativas para os titores, informando sobre as tarefas a desenvolver.
- Elaborar os documentos de traballo.
- Convocar as reunións de coordinación dos titores.
- Establecer o cronograma do PAT para a súa titulación.
- Coordinar a avaliación do PAT e elaborar un informe, xunto co coordinador PAT do centro.

Funcións do titor

- Acoller dun modo personalizado cada estudante.
- Orientar académica e profesionalmente.
- Acompañar e seguir o estudante no proceso de aprendizaxe durante toda a súa etapa formativa.
- Remitir a outros servizos cando existe un problema que o titor non pode abordar.
- Informar ao coordinador PAT da titulación ou do centro de calquera problema, suxerencia ou incidencia que considere oportuno para acadar maior éxito no programa.

Asignación de titores

Na titulación de Grao en Enxeñaría Informática existe unha asignación individual alumno-titor, sendo titor calquera docente do centro, que se fai cando o alumno ingresa por primeira vez no grao e se mantén, mentres sexa posible, ata que o alumno remate a carreira. A nivel de centro, a asignación realizarase anualmente aproximadamente no mes de novembro, en canto están pechadas as listas de alumnos matriculados e de profesores titores. Révisanse as asignacións de alumnado de continuación, por se deben ser modificadas, e realízase a nova asignación para o alumnado de novo ingreso. Estas asignacións publicítanse axeitadamente (mediante a web, wiki e redes sociais) e son accesibles dende a aplicación de horarios do centro.

Ademais dos titores individuais, cada grupo de teoría do grao ten asignado un titor grupal que terá, como mínimo, tres reunións grupais anualmente co seu grupo: unha a principios do curso, outra a principios do segundo cuadrimestre, e outra a finais do curso académico. Estes titores potenciarán o uso do PAT entre o alumnado, que é reticente á titoría individual. Na primeira reunión presentará o PAT entre o alumnado que non o coñece, explicará a súa labor como titor, e poderá ter un primeiro contacto cos estudantes, orientándoos nos procesos que transcorren durante os primeiros meses de curso e detectando calquera necesidade ou problema que xurdira ate o momento. Na segunda titoría grupal pode analizar o transcurso

do primeiro cuadrimestre e detectar novas necesidades ou problemas, e finalmente na última titoría grupal ao final do curso académico poderase analizar o transcurso do curso completamente. Ante calquera problema máis específico dun alumno, este poderá ser remitido ó seu titor individual.

Dada a boa experiencia durante o curso anterior, incluírase tamén a figura de estudante mentor na orientación dos alumnos do grao para o curso 2015/16. Deste xeito, doce estudantes dos últimos cursos do grao (3º e 4º), que se presentaron de forma voluntaria para participar no programa, orientarán ós alumnos do primeiro curso. Cada un dos seis grupos de teoría de primeiro terá asignado dous estudantes mentores que realizarán unha serie de reunións grupais cos alumnos (ó redor de tres reunións cada cuadrimestre) para poder orientar dende a súa posición ós alumnos de primeiro e complementar a función dos profesores titores.

Tanto no **Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática** como no **Mestrado Universitario en Técnicas Estatísticas** e no **Mestrado Universitario en Xeoinformática** a orientación pasa directamente polo coordinador do mestrado, que asume o rol de titor para todo o alumnado (nos dous últimos casos, o coordinador do mestrado na UDC é titor do alumnado da UDC, ó ser un mestrado interuniversitario).

No **Mestrado Universitario en Matemática Industrial** cada alumno da UDC ten un titor asignado ó principio do curso académico polo coordinador do mestrado.

No **Mestrado Universitario en Computación de Altas Prestacións** trátase, dende a súa coordinación e na medida do posible, de facer coincidir as figuras de titor académico do plan de acción tutorial (PAT) coa figura de director/titor do traballo fin de máster (TFM). Esta decisión tómase porque o titor PAT nunha titulación de posgrao cunha carga lectiva de 60 ECTS (un curso académico), non soe ter unha especial acollida por parte dos alumnos, que non son, na maioría dos casos, novos no centro ou na universidade e que non son conscientes do que este titor lles pode aportar. O contacto dos alumnos co titor do traballo fin de mestrado é máis constante, e polo tanto resulta eficaz facer coincidir no mesmo profesor estas dúas figuras. Para aqueles alumnos que non se matriculen do TFM, o coordinador do mestrado será o seu titor no PAT.

Os resultados do PAT no Mestrado en Computación de Altas Prestacións nos catro cursos anteriores foron os amosados na seguinte táboa (datos só para a UDC):

Curso	2010/11	2011/12	2012/13	2013/14	2014/15
Nº alumnos matriculados (UDC)	9	9	14	20	10
Nº profesores que participan no PAT (UDC)	7	8	5	8	5

7. Planificación

A continuación detállase a planificación das accións de orientación para o alumnado inscritas dentro do PAT para o curso 2015/16 para cada unha das titulacións ofertadas no centro.

Grao en Enxeñaría Informática

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Sesións de tutoría cos titores PAT	Orientar e asesorar ó alumno dentro das funcións do programa PAT	Todo o curso académico	Todo o alumnado	Coordinador e titores
Captación estudantes mentores	Informar e captar entre os estudantes de últimos anos de grao 10 alumnos mentores	Finais de xullo	Estudantes de 3º e 4º de grao	Coordinador PAT da titulación
Captación titores grupais	Informar e captar entre o profesorado do centro a suficientes titores grupais para os distintos grupos de alumnos do grao	Principios de setembro	Profesorado	Coordinador PAT da titulación
Xornadas de acollida	Presentar o equipo decanal, instalacións, recursos docentes, aulas, biblioteca, servizos da UDC e en xeral a organización do grao	Principios de setembro	Alumnado de novo ingreso	Equipo decanal e coordinador PAT do centro
Xornadas de presentación de materias do 1º cuadrimestre	Presentar o equipo docente, contidos, planificación e organización das materias do primeiro cuadrimestre	Principios de setembro	Todo o alumnado	Profesorado coordinador das materias correspondentes
Reunión inicial mentoring	Presentar o programa ós estudantes mentores e iniciar a planificación de reunións	Principios de setembro	Estudantes mentores	Coordinador PAT do centro
Reunións de estudantes mentores	Orientar e axudar ós estudantes	Durante o curso, ó redor de seis sesións	Alumnado de primeiro curso do grao	Estudantes mentores
Xornadas de acollida aos estudantes de 1ª matrícula de setembro	Presentar o equipo decanal, instalacións, recursos docentes, aulas, biblioteca, servizos da UDC e en xeral a organización do grao	Finais de outubro	Alumnado de novo ingreso correspondente á matrícula de setembro (se fose necesario)	Equipo decanal
Reunións informativas TFG	Presentar os trámites, condición e organización do traballo fin de grao	Finais de outubro	Alumnado matriculado en TFG	Coordinador PAT da titulación
Asignacións novas estudante-titor	Establecer o titor individual para o alumnado que non ten titor do curso anterior	setembro - outubro	Alumando e profesorado	Coordinador PAT do centro
Reunión inicial con titores grupais	Planificar o desenvolvemento do PAT grupal ó longo do curso	Finais de setembro	Titores grupais	Coordinador PAT do centro
Primeira reunión grupal	Orientar e asesorar ó estudante ó inicio do curso académico	Finais setembro – outubro	Todo o alumnado (por grupo)	Titor grupal
Xornadas de presentación de materias de 2º cuadrimestre	Presentar o equipo docente, contidos, planificación e organización das materias do segundo cuadrimestre	Finais xaneiro – principios febreiro	Todo o alumnado	Profesorado coordinador das materias correspondentes

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Segunda reunión grupal	Orientar e asesorar ao alumno á metade do curso académico	Febreiro	Todo o alumnado (por grupo)	Titor grupal
Xornada de presentación de especialidades	Presentar os contidos e obxectivos das especialidades da titulación	Maio	Alumnado que debe elixir especialidade	Coordinador da titulación
Terceira reunión grupal	Orientar e asesorar ao alumno a finais do curso académico	Finais de maio	Todo o alumnado (por grupo)	Titor grupal
Reunións informativas prácticas en empresas	Presentación dos trámites, condición e organización do traballo fin de grao e as prácticas externas en empresas	Xuño	Alumnado que optar a prácticas en empresas	Dirección do centro e FUAC
Reunión final con estudantes mentores	Analizar os resultados do programa mentoring ó longo do curso	Xuño-Xullo	Estudantes mentores	Coordinador PAT da titulación
Reunión final con titores grupais	Analizar os resultados do PAT grupal ó longo do curso	Xuño-Xullo	Titores grupais	Coordinador PAT da titulación
Inicio da planificación do PAT para o curso 2015/16	Analizar as necesidades detectadas ó longo do curso de cara a planificación do proxecto PAT do curso seguinte	Xuño	Profesorado	Coordinador PAT da titulación

Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Xornada de presentación do mestrado	Presentar as características do mestrado	18/06/2015 01/07/2015	Todos os alumnos interesados	Coordinador do mestrado
Mantemento da web informativa	Ofrecer información sobre as dúbidas máis habituais (admisión, horarios, ...)	Durante todo o curso	Todos os alumnos interesados	Coordinador do mestrado
Xornadas de acollida	Presentar o equipo docente, materias, recursos docentes, aulas, biblioteca, e en xeral a organización do mestrado	10/09/2015	Todos os alumnos matriculados ou preinscritos pendentes de matricular	Coordinador do mestrado
Xornadas de presentación de materias	Presentar as materias, dos seus contidos, características e desenvolvemento, e do proceso de avaliación.	Primeira clase de cada materia	Estudantes matriculados	Coordinadores de cada materia

Acción	Objetivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Sesións de tutoría sobre procedemento e condicións de matrícula	Orientar e asesorar aos alumnos sobre todos os procedementos e prazos relacionado coa preinscrición e matrícula, fundamentalmente o procedemento e prazos de preinscrición, as condicións de matrícula, o número de materias recomendable segundo as características dos estudantes, as materias de complementos formativos e os seus horarios e o solapamento dos horarios do resto de materias, as posibilidades existentes de horarios das materias de complementos formativos, os prezos e prazos do pago das taxas, a posibilidade de pago por parte das empresas de traballo dos estudantes, etc.	Principalmente de xuño a outubro de 2015, pero tamén ao longo do curso.		Coordinador do mestrado
Seguimento e contacto cos estudantes que realizan as solicitudes de preinscrición e matrícula	Facer un seguimento das solicitudes presentadas, garantir o interese dos estudantes no mestrado, resolver os erros e a ausencia de datos presentes nas solicitudes relacionadas cos procesos administrativos e asesorar sobre a maneira de resolver os erros cometidos polos estudantes. Establecer contactos por teléfono, por email ou persoalmente para garantir que corruxiron os erros e poden presentar a documentación axeitadamente.	Principalmente de xuño a outubro de 2015, pero tamén ao longo do curso.	Os estudantes que presentaron calquera tipo de solicitude relacionada co mestrado	Coordinador do mestrado

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Orientación sobre o procedemento de recoñecemento de créditos e ampliación de matrícula	Dada a variada procedencia dos estudantes deste mestrado e as diferentes posibilidades de recoñecer créditos segundo as titulacións de acceso, resultou necesario asesorar aos estudantes sobre as posibilidades de solicitar ditos recoñecementos, incluíndo o proceso de recoñecemento, as posibilidades de éxito segundo as materias cursadas, as materias que se axustan ás táboas de recoñecementos establecidos previamente, as materias que requiren informes específicos do profesorado, as condicións de recoñecemento de créditos por experiencia profesional, as características e o contido recomendado das solicitudes de recoñecemento de créditos por experiencia profesional, a comunicación das resolucións.	De xuño a novembro de 2015, pero fundamentalmente os meses desde setembro a novembro.	Os estudantes interesados	Coordinador do mestrado
Captación e asignación dos traballos da materia "Prácticas de empresa (PE)"	Establecer previamente as posibles demandas de solicitudes de PE contactando cos estudantes para facer estimacións axeitadas, contactar con empresas do sector para que presenten solicitudes de PE, distribuír a oferta de prácticas entre las solicitudes, realizar la asignación de prácticas.	Desde xuño do curso anterior ata o remate do curso	Os estudantes candidatos a cursar PE, por matrícula directa ou por ampliación de matrícula	Coordinador da materia "Prácticas de empresa"

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Organización dos procedementos de solicitudes de anteproxectos e defensas de Tralado Fin de Mestrado (TFM)	Garantir o número suficiente de anteproxectos, organizar os procedementos de entrega de documentación e de asignación de tribunais, e informar e asesorar para unha axeitada presentación de anteproxectos e de defensa de traballos fin de mestrado, coordinando o traballo de estudantes, PAS e profesorado dos tribunais.	Todo o curso, pero especialmente nos períodos de presentación de solicitudes: outubro-novembro, febreiro, marzo, xuño-xullo e setembro.	Os estudantes candidatos a presentar anteproxectos e TFM	Coordinador do mestrado
Sesións de revisión do desenvolvemento da titulación	Contrastar cos estudantes o desenvolvemento da titulación, tanto nas facetas docentes como organizativas. Discutar propostas de mellora e trasladalas aos coordinadores das materias, ao equipo decanal, etc	Ao remate do período lectivo	Estudantes da titulación que seguiron o curso	Coordinador do mestrado
Orientación profesional dos estudantes e establecemento de contactos coas empresas	Resolver dúbidas sobre a incorporación ao mundo laboral dos estudantes, recoller demandas das empresas, trasladar as demandas aos estudantes que cumpren os requisitos solicitados polas empresas, seguimento de satisfacción sobre as condicións económicas e laborais dos estudantes contratados, etc .	Ao longo do curso.	Os estudantes que desexan incorporarse ao mundo laboral e empresas que demandan traballadores cualificados	Coordinador do mestrado

Mestrado Universitario en Matemática Industrial

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Xornadas de acollida	Presentar o equipo docente, recursos docentes, aulas, biblioteca, e en xeral a organización do mestrado	Setembro 2015	Todos os alumnos matriculados ou preinscritos pendentes de matricular	Coordinador do mestrado
Sesións de tutoría cos titores asignados no PAT	Orientar e asesorar ao alumno en aspectos como as materias optativas das que matricularse, a planificación do esforzo, a elección do proxecto fin de mestrado, etc.	Durante todo o curso académico	Todos os alumnos matriculados no mestrado	Cada tutor no PAT cos alumnos asignados

Mestrado Universitario en Técnicas Estatísticas

Acción	Objetivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Xornadas de acollida	Presentar o equipo docente, recursos docentes, aulas, biblioteca, e en xeral a organización do mestrado	Setembro de 2015	Todos os alumnos matriculados ou preinscritos pendentes de matricular	Coordinador do mestrado
Sesiões de tutoría	Orientar e asesorar ao alumno en aspectos como as materias optativas das que matricularse, a planificación do esforzo, a elección do proxecto fin de mestrado, etc.	Durante todo o curso académico	Todos os alumnos matriculados no mestrado	Coordinador do mestrado

Mestrado en Computación de Altas Prestacións

Acción	Objetivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Xornadas de acollida	Presentar o equipo docente, recursos docentes, aulas, biblioteca, e en xeral a organización do mestrado	Setembro de 2015	Todos os alumnos matriculados ou preinscritos pendentes de matricular	Coordinador do mestrado
Taller con empresas	Orientar profesionalmente a través de charlas con representantes de empresas do sector HPC como Intel, AMD, HPLabs, Fujitsu, y personal del CESGA	Maio 2016	Todos os alumnos matriculados no mestrado	Coordinador do mestrado
Sesiões de tutoría cos tutores asignados no PAT	Orientar e asesorar ao alumno en aspectos como as materias optativas das que matricularse, a planificación do esforzo, a elección do proxecto fin de mestrado, etc.	Durante todo o curso académico	Todos os alumnos matriculados no mestrado	Cada tutor no PAT cos alumnos asignados

Mestrado Universitario en Xeoinformática

Acción	Objetivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Xornadas de acollida	Presentar o equipo docente, recursos docentes, aulas, biblioteca, e en xeral a organización do mestrado	Setembro de 2015	Todos os alumnos matriculados ou preinscritos pendentes de matricular	Coordinador do mestrado

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Sesións de tutoría cos titores asignados no PAT	Orientar e asesorar ao alumno en aspectos como as materias optativas das que matricularse, a planificación do esforzo, a elección do proxecto fin de mestrado, etc.	Durante todo o curso académico	Todos os alumnos matriculados no mestrado	Coordinador do mestrado
Mantemento da web informativa	Ofrecer información sobre as dúbidas máis habituais (admisión, horarios, ...)	Durante todo o curso	Todos os alumnos interesados	Coordinador do mestrado
Captación e asignación dos traballos da materia "Prácticas de empresa (PE)"	Establecer previamente as posibles demandas de solicitudes de PE contactando cos estudantes para facer estimacións axeitadas, contactar con empresas do sector para que presenten solicitudes de PE, distribuír a oferta de prácticas entre las solicitudes, realizar la asignación de prácticas	Desde xuño do curso anterior ata o remate do curso	Os estudantes candidatos a cursar PE, por matrícula directa ou por ampliación de matrícula	Coordinador da materia "Prácticas de empresa"

8. Avaliación

O profesorado participante no PAT do centro, así como o alumnado, poderá avaliar o plan ó finalizar o curso académico utilizando o modelo de enquisas propostas dende o PAT da UDC.

Para cada titulación organizarase posteriormente unha reunión final de coordinación entre tódolos titores grupais, se os houbese, e posteriormente outra á que estarán invitados todos os titores da titulación, ou ben presencial ou telemática, onde se poderán analizar os resultados das anteriores enquisas de avaliación. O informe de avaliación final recollerá as conclusións acadadas nestas reunións, incluíndo as necesidades detectadas do alumnado, os puntos fortes e débiles do plan, así como as accións de mellora para proxecto de PAT do curso 2016/17.

O PAT do centro será tamén avaliado de forma indirecta nas enquisas de satisfacción da titulación cubertas polo profesorado e o alumnado ao finalizar o curso académico, e máis concretamente no indicador de orientación (ítem 9 nas enquisas para o alumnado, e ítem 20 nas enquisas para o profesorado).

O coordinador do PAT do centro participará e colaborará nas accións de avaliación e seguimento organizadas dende a coordinación xeral do PAT da UDC.